

PROPOSTA PARA UN DICCIONARIO BILINGÜE UNIDIRECCIONAL GALEGO-ITALIANO

María Teresa Sanmarco Bande

Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Desde hai dous anos, a área de Filoloxía Italiana, do Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana desta Universidade, está a desenvolver-lo proxecto dun dicionario bilingüe italiano-galego, destinado fundamentalmente ó público galego, que ten como finalidade primordial a comprensión e a tradución de textos italianos á lingua galega. Desde o comezo, tivémo-la sorte de participar nesta iniciativa, dirixida pola Dra. Isabel González Fernández, que nos conduciu a adquirir un interese sempre crecente respecto do campo da lexicografía.

Sobre a base destes dous anos de traballo, temos acadado algúns coñecementos de carácter teórico e práctico, que nos levaron a pensar que, tendo en conta os obxectivos do proxecto en curso, tal vez no futuro se podería emprende-la tarefa de realizar un dicionario que complementase o primeiro. É dicir, un dicionario bilingüe orientado cara ó público galego, que puidese satisfacer-las súas necesidades con respecto á produción de textos en lingua italiana.

A finalidade deste relatorio é proporcionar unha panorámica xeral da problemática que convén afrontar para elaborar un dicionario coa orientación que suxerimos. Por iso, o título deste relatorio, “Proposta para un dicionario bilingüe unidireccional galego-italiano”, responde ó desexo de expoñérmo-los aspectos pertinentes á preparación dun dicionario dirixido a un único grupo de falantes, o público galego, subliñando especialmente o seu carácter unidireccional.

Somos conscientes de que o tema que imos tratar podería proporcionar-lo argumento para varias teses de doutoramento e mesmo para numerosas e extensas publicacións, pero parécenos que unha rápida visión de conxunto podería ser útil ó propósito de presentarmos unha proposta de tipo práctico, en consecuencia tamén coa nosa capacidade e a extensión deste relatorio.

Desde hai algúns anos, estase a aplica-la informática á lexicografía con bastante éxito. Non trataremos esta cuestión, xa que carecemos da formación necesaria para poder aborda-lo tema con suficiente escrupulosidade. Sen embargo, pensamos que o traballo conxunto de informáticos e lexicógrafos contribúe a mellorar considerablemente os dicionarios, en moitos aspectos: o almacenamento de datos, o rápido acceso a estes, a revisión do traballo... Cada un dos argumentos ós que aludiremos é susceptible dunha aplicación informática que perfeccionaría o resultado da obra lexicográfica.

En canto ó ámbito da lexicografía galega, ó longo dos últimos decenios, tense producido un grande desenvolvemento desta disciplina, pero aínda será necesario avanzar neste campo para podermos falar de resultados realmente satisfactorios. Neste momento estanse a desenvolver diversos proxectos moi interesantes, como son o dicionario galego monolingüe e o dicionario bilingüe castelán-galego, de próxima publicación, elaborados pola Real Academia Galega. Estes e outros conducirán, nos próximos anos, ó enriquecemento da lexicografía e da lingua galega.

CRITERIOS DO DICCIONARIO BILINGÜE GALEGO-ITALIANO

Os fundamentos nos que se basea o hipotético dicionario que propoñemos deben estar ben definidos, posto que determinan as etapas sucesivas, correspondentes á elaboración práctica. Dunha base teórica precisa e clara depende o bo desenvolvemento das fases posteriores.

A continuación tratarémo-los argumentos referidos a estes criterios básicos, que son os seguintes: a finalidade específica, os usuarios ós que vai dirixido, o tratamento da lingua, o número de entradas e o tipo de dicionario que propoñemos.

1. Finalidade específica do dicionario bilingüe

Baseándonos nas consideracións de Werner e Chuchuy¹, existen catro posibles usos dun dicionario bilingüe unidireccional, que trasladados ó noso caso serían os seguintes:

- 1) recepción de textos galegos por usuarios de lingua materna italiana;
- 2) tradución de textos galegos ó italiano por usuarios de lingua materna italiana;
- 3) produción de textos italianos por usuarios de lingua materna galega;
- 4) tradución de textos galegos ó italiano por usuarios de lingua materna galega.

Aínda que no pasado a práctica lexicográfica non ten prestado demasiada atención a este aspecto, Werner e Chuchuy opinan que é necesario decantarse por unha destas catro posibilidades.

¹ Vid. R. Werner / C. Chuchuy, “¿Qué son los equivalentes en el diccionario bilingüe?”, en G. Wotjak, (ed.), *Estudios de lexicología y metalexigrafía del español actual*, Tübingen, Niemeyer, col. Lexicographica Series Maior, 1992, pp. 99-107.

El diccionario ideal con respecto a una función determinada sería un diccionario concebido exclusivamente para ésta. Cuantas más funciones quiere tener en cuenta simultáneamente un diccionario, tanto más voluminoso resultará, y tanto más complejas serán sus estructuras textuales (sobre todo en el plano de la microestructura).²

Comenta Al-Kasimi³ que a limitación material de toda obra conduce os editores a teren sempre presente a finalidade do diccionario. Seguindo o exposto ata aquí, a nosa proposta céntrase, xa que logo, na descrición da lingua italiana a partir de entradas en lingua galega, co propósito de lle permitir ó usuario galego redactar textos en italiano.

A organización de cada artigo do diccionario deberá procura-la maior cantidade de información posible acerca da equivalencia italiana, coa finalidade de que o usuario galego poida producir textos en lingua italiana.

2. Usuarios ós que está destinado o diccionario

Existen discrepancias entre os distintos autores cando se trata de considerar se un diccionario bilingüe debe ser concebido ben para os falantes de ámbalas linguas, ben para os falantes dunha delas. Comenta Giovanna Massariello, entre outros, que é máis conveniente atender exclusivamente a un único grupo de falantes.

Motivi di ordine pratico e teorico impediscono nella maggior parte dei casi di realizzare vocabolari *orientati uniformemente* verso le due lingue trattate... Generalmente la realizzazione del dizionario bilingue delle lingue *x* ed *y* tiene in conto già a priori di essere utile ad un parlante della comunità *x* o della comunità *y*: in conseguenza di tale orientamento il lessicografo deciderà di sottintendere informazioni che ritiene già in possesso del parlante, e di abbondare viceversa nella descrizione della lingua che gli è strana.⁴

Trasladando estas consideracións ó caso concreto do diccionario bilingüe galego-italiano, debémonos cinguir ó ámbito do falante galego ou ben ó do falante italiano, coa finalidade de lle procurar unha maior claridade e manexabilidade ó diccionario. Seguindo este principio, redúcese a dimensión do *corpus* do diccionario. A miúdo, criterios de orde práctica, alleos ás cuestións lexicográficas, conducen ós autores a intentar atenderen os intereses de ámbolos grupos de falantes, coa finalidade de abarcaren un público máis amplo.

A organización do artigo depende desta elección, xa que logo as orientacións gramaticais van encamiñadas a proporcionar a un grupo concreto de usuarios a maior información posible, como son as rexencias dos verbos, as variacións de categoría gramatical ou as irregularidades na lingua estranxeira. Ademais, é conveniente que os exemplos ou o apartado de observacións estean orientados cara a un único grupo.

² Cfr. Werner / Chuchuy, “¿Qué son los equivalentes...”, en Wotjak, *Estudios de lexicología...*, op. cit., p. 101.

³ Vid. A. Al-Kasimi, *Linguistics and bilingual dictionaries*, Leiden, Brill, 1977 (reimpr. 1983), p. 22.

⁴ Cfr. G. Massariello Merzagora, *La lessicografia*, Bologna, Zanichelli, 1983, p. 96.

Existe a posibilidade de presenta-la información para ámbolos grupos de usuarios, pero parece una empresa bastante inviable, posto que habería que facilitar esta información en ámbalas linguas, e deste xeito os artigos converterían o dicionario nunha obra complicada e voluminosa.

Tendo en conta o anterior, orientarémola información do dicionario ós usuarios galegos. Con isto non descartamos que o dicionario poida ser consultado por italianos, pero este grupo de usuarios no atopará a información máis axeitada para utiliza-lo dicionario.

Posto que o estudio do italiano se desenvolve principalmente no ámbito universitario ou ben nas escolas e institutos de idiomas, pensamos que o noso usuario ideal podería ser un estudante de fala galega, cun coñecemento escaso ou medio da lingua italiana.

3. A lingua e o número de entradas

Baseámonos no galego e no italiano contemporáneos, recollendo de modo xeral as diferentes variedades da linguaxe. Partimos da lingua estándar, pero tamén seleccionaremos termos técnicos, coa finalidade de dar algunha marxe de presenza a diferentes campos de especialización.

En canto á lingua e á súa codificación, Hartmann⁵ opina que os lexicógrafos, xunto cos gramáticos ou os profesores de lingua, se atopan ás veces ante a tarefa de arbitraren ou autorizaren determinadas cuestións de uso, contribuindo, consciente ou inconscientemente, ó desenvolvemento continuo da estandarización lingüística. A codificación impón grandes responsabilidades; de feito, os dicionarios monolingües de maior tamaño teñen exercido importantes funcións de estandarización nas súas respectivas linguas.

Hartmann advirte que a codificación do uso é importante, se ben non é o principal obxectivo dos dicionarios. Aínda así, estes resollen normalmente dúbidas de ortografía, pronunciación, etimoloxía, significado, traducción dunha lingua a outra... En último termo, os dicionarios xorden e son xulgados en relación coas necesidades léxicas dos seus usuarios.

A tarefa de codificación do galego é un proxecto en marcha, que se consolida, en parte, gracias ó número de publicacións que se están a realizar nesta lingua. O noso dicionario, se ben parte do galego, ten como obxectivo principal a descrición da lingua italiana, polo tanto participa superficialmente deste fenómeno de codificación; de xeito particular, a través das unidades léxicas da entrada.

Creemos que o número de entradas deste dicionario podería oscilar arredor das 30.000 unidades léxicas⁶, extensión que corresponde a un dicionario de tamaño medio.

⁵ Vid. R. R. K. Hartmann, (ed.), *Lexicography: principles and practice*, London, Academic Press Inc., 1983, pp. 5-6.

⁶ Sen considerar neste cómputo as variantes do lema, que, por outra banda, non poderían constituír un grande número de entradas, posto que propoñemos un dicionario de produción e, polo tanto, as variantes son a penas necesarias para o usuario.

4. Tipoloxía

Recapitulando en parte o que temos dito ata aquí, a obra lexicográfica que suxerimos é un dicionario bilingüe, de carácter lingüístico (por oposición ó dicionario enciclopédico), ordenado alfabeticamente, xeral (en canto á variedade da lingua) e sincrónico, orientado á produción de textos en italiano, e pensado para estudantes que teñan un coñecemento básico ou medio da lingua italiana.

A ESTRUCTURA DO DICCIONARIO

Desde un punto de vista externo, a análise de todo dicionario céntrase no exame da información que constitúe a obra publicada. Trala tarefa de elixir as fontes, escolle as entradas e redacta-lo conxunto da obra, a estrutura obtida é o único resultado visible para os posibles usuarios. Por iso, imos mencionalas diferentes partes que integrarían a macroestrutura e a microestrutura deste hipotético dicionario.

1. A macroestrutura

Baseándonos nos estudos de Haensch e Martínez de Sousa⁷, cremos que a macroestrutura máis axeitada para o dicionario que propoñemos é a seguinte:

I. Introducción

- páxinas titulares
- prólogo
- guía de uso
- anexo gramatical
- abreviaturas

II. Corpo do dicionario

III. Apéndices

- proverbios
- nomes propios
- nomes xeográficos
- xentilicios

3. A microestrutura

A microestrutura está constituída pola información referida ó lema ou entrada. Seguindo a Martínez de Sousa, a unidade léxica á que corresponde esta información, non entraría a formar parte da microestrutura, senón que se integraría na que Rey-Debove denomina “lectura vertical da macroestrutura”⁸.

⁷ Vid. G. Haensch / L. Wolf / S. Ettinger / R. Werner, *La Lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*, Madrid, Gredos, col. Biblioteca Románica Hispánica, 1982, pp. 457-461. J. Martínez de Sousa, *Diccionario de lexicografía práctica*, Barcelona, Bibliograf, 1995, pp. 118-122.

⁸ Vid. J. Rey-Debove, *Étude linguistique et sémiotique des dictionnaires français contemporains*, The Hague-Paris, Mouton, col. Approaches to semiotics 13, 1971, p. 21. Martínez de Sousa, *Diccionario de lexicografía...*, op. cit., pp. 259 e 275.

De tódolos xeitos, preferimos situa-la entrada no apartado da microestrutura, co propósito de conservar unha certa coherencia na presentación das partes do artigo lexicográfico (formado polo lema ou entrada e o *corpus*, que corresponde á microestrutura propiamente).

Os artigos de cada dicionario acostuman observar unha orde máis ou menos establecida, que depende sempre do tipo de dicionario ó que se aplique e a finalidade do propio dicionario. Cada artigo presenta características diferentes; debido, por exemplo, á irregularidade morfolóxica das unidades léxicas, a determinadas especificacións semánticas que interesa destacar ou, incluso, a construcións sintácticas que convén indicarlle ó usuario. Por isto, o lexicógrafo debe tentar englobar toda esta información nun esquema, adiantándose ás posibilidades de variación que poida presentar cada artigo, de xeito que este esquema funcione como base ó longo da elaboración do dicionario.

Tendo en conta que cada modelo básico se debe axustar ó propósito do dicionario ó que corresponde, expoñemos a continuación as partes das que pode consta-lo artigo do noso dicionario galego-italiano:

Entrada

Corpus

- caracterización gramatical
- acepción
 - información gramatical referida á equivalencia
 - equivalencia
 - discriminación de significado
 - exemplos en galego e italiano
- locucións e modismos
- observacións

Para a elaboración deste esquema tivemos sempre presentes os criterios expostos do dicionario que propoñemos, intentado recoller toda a información que nos pareceu útil e omitindo aqueles datos que non fosen imprescindibles para a produción de textos.

Antes de pasarmos á conclusión, presentamos unha guía de uso dos artigos que elaboramos seguindo o esquema antes citado e, a continuación, unha páxina piloto do proxecto de dicionario.

- | | | | | |
|---|--------------------|---|--|---|
| 1 | acostumar | A v. tr. avere | 1 Abituare (habituar). Acostuma os seus fillos a ser responsables. <i>Abitua i suoi figli a essere responsabili.</i> | 4 |
| 6 | perifr. vb. | Avere l'abitudine (adoitar). Acostuma vir por aquí despois das dez. <i>Ha l'abitudine di venire da queste parti dopo le dieci.</i> | B v. intr. pron. [essere] 1 Abituarsi (habituar-se). Acostumouse a vivir só. <i>Si è abituato a vivere da solo.</i> 2 Adattarsi (adaptarse). Despois duns meses acostumaraste á nova casa. <i>Dopo alcuni mesi ti adatterai alla nuova casa.</i> | 9 |

3	<p>desde prep. Da. Deron un paseo desde a igrexa ata o monte. <i>Hanno fatto una passeggiata dalla chiesa fino al monte.</i> Desde aquí pódese ve-lo mar. Da qui si può vedere il mare.</p>	7
		10
		11
14	<p>Observación: xunto con art. det. forma a prep. articulada:</p>	
15	<p>dal, dall', dallo, dalla, dai, dagli, dalle.</p>	
2	<p>xeito A s. m. M Modo (modo). O teu xeito de falar é un pouco estraño. <i>Il tuo modo di parlare è un po' strano. 2</i></p>	5
8	<p>Maniera giusta (forma conveniente de facer algo). Este é o xeito de pintar coas acuarelas. <i>Questa è la maniera giusta di dipingere con gli acquarelli. B s. f. 1</i></p>	
12	<p>Abilità (maña). Teñen moito xeito para os traballos manuais. <i>Hanno molta abilità nei lavori manuali. 2</i></p> <p>Cura (precaución). Baixaron o moble pouco a pouco e con xeito. <i>Hanno deposto il mobile a poco a poco e con cura. □</i></p> <p>De tódolos xeitos: comunque. De tódolos xeitos, tampouco tiñas pensado ir. <i>Comunque, non avevi nemmeno pensato di andarci. Sen xeito: smodatamente.</i> Gasta os cartos sen xeito. <i>Spende i soldi smodatamente.</i></p>	13

1. entrada
2. letras do alfabeto correspondentes á división de categorías gramaticais
3. categoría gramatical
4. verbo auxiliar entre corchetes
5. numeración arábiga correspondente á división de acepcións
6. información gramatical referida á equivalencia
7. equivalencia
8. discriminación de significado e/ou especificación sobre a equivalencia

9. exemplo en galego
10. exemplo en italiano
11. indicación do acento tónico no exemplo italiano
12. símbolo correspondente ó apartado de locucións e modismos
13. locucións e modismos, con exemplos
14. apartado de observacións
15. observacións morfolóxicas, sintácticas e semánticas.

acostumar A v. tr. [*avere*] **1** *Abituare* (habituar). Acostuma os seus fillos a ser responsables. *Abituata i suoi figli a essere responsabili. 2* (perifr. vb.) *Avere l'abitudine* (adoitar). Acostuma vir por aquí despois das dez. *Ha l'abitudine di venire da queste parti dopo le dieci. B* v. intr. pron. [*essere*] **1** *Abituarsi* (habituar). Acostumouse a vivir só. *Si è abituato a vivere da solo. 2* *Adattarsi* (adaptarse). Despois duns meses acostumaraste á nova casa. *Dopo alcuni mesi ti adatterai alla nuova casa.*

ai interx. *Ahi*. ¡Ai!, mancáchesme!. *Ahi, mi hai fatto male!* **Observación:** a interx. *ahi* unida ó pron. pers. de 1ª pers. *me* dá lugar á interx. *ahimé*, 'ai de min'.

aínda A adv. *Ancora*. A rapaza aínda non volveu da praia. *La ragazza non è ancora tornata dalla spiaggia. B* conx. (reforza o compar.) *Ancora*. É aínda máis listo do que pensabamos. *È ancora più furbo di quanto pensassimo. □* **Aínda que:** *anche se*. Aínda que o chamase/chame agora, non o atoparía/atoparei na casa. *Anche se gli telefonassi/telefono adesso, non lo troverei/trovo a casa. Observación: a loc. *anche se* introduce unha prop. concesiva explícita co subxuntivo ou co indicativo.*

eira s. f. *Aia*. Os campesiños estaban na eira para malla-lo trigo. *I contadini erano sull'aia per trebbiare il grano.*

entón A adv. *Allora*. Entón non me decatei, foi despois cando vin o erro. *Allora non me ne sono reso conto, è stato dopo che ho visto lo sbaglio.*

B conx. *Allora*. Se o problema non ten solución, entón é inútil pensar nel. *Se il problema non ha soluzione, allora è inutile pensarci.*

este A adx. dem. (sempre diante do s.) *Questo*, (f.) *questa*, (m. pl.) *questi*, (f. pl.) *queste*. Este señor quere falar contigo. *Questo signore vuole parlare con te.* Esta semana iremos á túa casa. *Questa settimana verremo da te.* Estes libros son mellores cós anteriores. *Questi libri sono migliori dei precedenti.* Estas esperas póñenme nervioso. *Queste attese mi fanno innervosire.* **B** pron. dem. *Questo*, (f.) *questa*, (m. pl.) *questi*, (f. pl.) *queste*. Este é meu pai. *Questo è mio padre.* Vou coller outra cadeira, esta é demasiado incómoda. *Vado a prendere un'altra sedia, questa è troppo scomoda.* Estes son uns momentos moi difíciles para nós. *Questi sono dei momenti molto difficili per noi.* Temos dous tipos de mazás, ¿queres estas ou aquelas? *Ne abbiamo due tipi di mele, vuoi di queste o di quelle?*

o art. det. **1** (diante de s. que comeza por consoante que non sexa s líquido, *gn, ps, x* ou *z*) **Il**, (f.) **la**, (m. pl.) **i**, (f. pl.) **le**. O mar, a lúa, os nomes, as areas. *Il mare, la luna, i nomi, le sabbie.* **2** (diante de s. que comeza por vocal) **L'**, (m. pl.) **gli**, (f. pl.) **le**. O anís, a herba, os ollos, as actrices. *L'anice, l'erba, gli occhi, le attrici.* **3** (diante de s. que comeza por consoante s líquido, *gn, ps, x* ou *z*) **Lo**, (f.) **la**, (m. pl.) **gli**, (f. pl.) **le**. O zodiaco, a psicoloxía, os suecos, as estrelas. *Lo zodiaco, la psicologia, gli svedesi, le stelle.* **Observación:** coas prep. *a, da, di, in* e *su* o art. det. m. forma as preposicións articuladas: *al,*

all', allo, dal, dall', dallo, del, dell', dello, nel, nell', nello, sul, sull', e sullo, en sing. e *ai, agli, dai, dagli, dei, degli, nei, negli, sui e sugli,* en pl.

oasis s. f. inv. **Oasi**. Os exploradores atoparon un oasis no deserto. *Gli esploratori trovarono un'oasi nel deserto.* (Por ext.) Este xardín é un pequeno oasis de vexetación no medio da cidade. *Questo giardino è una piccola oasi di vegetazione in mezzo alla città.*

quen A pron. rel. **1** *Il quale*, (f.) *la quale*, (m. pl.) *i quali*, (f. pl.) *le quali*. Fun ver o profesor, quen me aconsellou dous libros. *Sono andato dal professore, il quale mi ha consigliato due libri.* **2** (inv.; usado no lugar de *il quale, la quale, i quali, le quali* nos compl. introducidos por prep.) **Cui**. Este é o provedor con quen tratei por teléfono. *Questo è il fornitore con cui ho trattato per telefono.* **3** (inv.; valor dem. e rel.; usado coma sux. ou compl.) **Chi**. Busquei quen me puidera axudar. *Ho cercato chi mi potesse aiutare.* Quen non estea de acordo que o diga. *Chi non sia d'accordo lo dica.* **B** pron. interr. e exclam. inv. (dir. o indir.; usado como sux. ou compl.; pódese reforzar co adv. *mai*) **Chi**. ¿Quen peta á porta? *Chi bussa alla porta?* ¿Quen o diría? *Chi l'avrebbe mai detto?* ¡Mira quen chega! *Guarda chi arriva!* Non sabemos quen o fixo. *Non sappiamo chi l'ha fatto.* □ **Facer coma quen que:** *fare finta di*. Fan coma quen que non o escoitan. *Fanno finta di non ascoltarlo.* **¿Quen sabe?:** *chi sa/chissà?* **Ser quen a/de:** *essere capace di*. Non es quen de dicirmo á cara. *Non sei capace di dirmelo in faccia.*

vaia interx. **Caspita**. ¡Vaia! Non sabía que estabas aquí. *Caspita! Non sapevo che fossi qui.*

CONCLUSIÓN

Temos intentado que a orientación e a finalidade deste posible dicionario fosen coherentes cunhas consideracións lexicográficas específicas, posto que existen opinións moi diversas sobre os temas analizados.

Deste xeito, cada unha das decisións que adoptamos conduciunos a tomar novas determinacións que non entrasen en conflito coas primeiras. Neste sentido, parécenos que a proposta cumpre a finalidade funcional de presentar en cada artigo do dicionario a información pertinente para axuda-lo usuario galego a elaborar textos en lingua italiana.

Por outra banda, observamos que, á marxe das consideracións teóricas dos lexicógrafos, os dicionarios das grandes casas editoriais agrupan unha información variada con respecto a cada voz. A pesar de que este procedemento nos parece incorrecto, recoñecemos que posúe unha finalidade práctica específica: atender a un público numeroso, que no ámbito dos dicionarios bilingües, se concreta nos falantes da lingua de partida e de chegada ó mesmo tempo.

A nosa proposta ten como inconveniente que, ó optarmos por unha orientación e un propósito ben definidos, presupón que o lector recorrerá a outra obra no caso de que desexe realizar unha consulta de diversa índole.

Para o desenvolvemento deste traballo, atopamos certas dificultades no campo dos dicionarios galegos. Isto móstranos ata qué punto é necesario avanzar neste terreo. De tódolos xeitos, estase a producir un desenvolvemento moi interesante tanto na lexicografía galega coma no ámbito xeral das publicacións en galego, que sen dúbida contribuirán ó enriquecemento das fontes do lexicógrafo.

Pensamos que a lexicografía é un campo de estudio aberto á investigación, que medrará ó longo dos anos sucesivos e que, sen dúbida, mellorará gracias ás posibilidades que ofrece actualmente a aplicación dos medios informáticos.

BIBLIOGRAFÍA

- Al-Kasimi, A., *Linguistics and bilingual dictionaries*, Leiden, Brill, 1977 (reimpr. 1983).
- Haensch, G. / Wolf, L. / Ettinger, S. / Werner, R., *La Lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*, Madrid, Gredos, col. Biblioteca Románica Hispánica, 1982.
- Hartmann, R. R. K., (ed.), *Lexicography: principles and practice*, London, Academic Press Inc., 1983.
- Martínez de Sousa, J., *Diccionario de lexicografía práctica*, Barcelona, Bibliograf, 1995.
- Massariello Merzagora, G., *La lessicografia*, Bologna, Zanichelli, 1983.
- Rey-Debove, J., *Étude linguistique et sémiotique des dictionnaires français contemporains*, The Hague-Paris, Mouton, col. Approaches to semiotics 13, 1971.
- Werner, R. / Chuchuy, C., “¿Qué son los equivalentes en el diccionario bilingüe?”, en Wotjak, G., (ed.), *Estudios de lexicología y metalexicografía del español actual*, Tübingen, Niemeyer, col. Lexicographica Series Maior, 1992, pp. 99-107.